

### ÁMBITO

Localidade O BARCO DE VALDEORRAS  
Comarca VALDEORRAS  
Lugar de realización SALÓN DE ACTOS DO MULTIUSOS

### ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)  
Nº de non militantes asistentes  
Nº de militantes convocad@s

13  
6

### DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local Suso Vilasduches  
Representante do Consello Nacional Manuel Agra

### NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión 80 minutos

Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc) Clásica

### VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANSCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

A xente tiña ganas de opinar, pero había unha sensación de impotencia para solucionar os problemas da organización. Houbo sempre un ton cordial nas intervencións.

### PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

As propostas eran as que viñan no modelo para moderar a asemblea, pero nada máis tomar a palabra a xente, o debate céntrase na política de pactos e alianzas.

Con carácter xeral:

### Radiografía da Galiza de hoxe

Viuse un claro problema para asentir o nacionalismo, sobre todo en comarcas coma Valdeorras.

Había unha total coincidencia en que o BNG é necesario, o que xa non sabíamos é como poderíamos encamiñar o futuro da organización.

**PROPOSTAS PARA O DEBATE**

**Estratexia política do nacionalismo galego**

Houbo opinións a favor de pacto con En Marea, pero non con Podemos. Díxose que resistir non era a solución.

Falouse de que a xente nos vía como unha organización pechada, pero non dabamos aportado solucións para abrímos.

Houbo outras opinións que dicían que había que aceptar o que saía da Asemblea Nacional e poñerse a traballar.

Falouse de que os votos de En Marea na nosa comarca eran de Podemos, non de Anova (que non se lle vía organización), pero reconécese que moitos votantes do BNG votaron por En Marea nas Xerais.

Tamén saíu a idea de que tínhamos que pensar como lle facemos ver á sociedade que a nosa organización é necesaria.

**Participación política e modelo organizativo**

saría.

Non fomos capaces de aportar solucións, máis alá de que a nosa organización é necesaria.

**PROPOSTAS PARA O DEBATE**

O debate sempre queda relegado ante a transcendencia que se lle dá aos posibles pactos, ou mellor dito, o debate redúcese ao tema dos pactos, quizais porque non se vexa claro o camiño a seguir.

---